

ENFIANDO

AS REPÚBLICAS DE VENTO



Texto Francisco X.

Fernández Naval

Escritor

Unha das lecturas destes últimos días foi "República de viento", o último libro de Rodolfo Alonso, escritor arxentino, fillo de galegos, de quen a revista Trabe de Ouro publicou, no número 68, algúns dos seus poemas galegos, acompañados dun texto de Xosé Luís Méndez Ferrín.

Rodolfo Alonso, Premio Nacional de Poesía, é unha das grandes voces con que conta a actual literatura arxentina. Esta literatura, como todo o país, viuse convulsionada e conmocionada polos acontecementos que culminaron no ben coñecido "corralito", desastre social e económico que a piques estivo de provocar a desaparición do Estado e que condenou á pobreza a moitos dos seus habitantes. Esta circunstancia dramática e escura, de país destinado a sufrir, é un dos elementos emocionais que alentan nas páxinas do libro e que fan que Rodolfo recupere aquelas palabras de Martínez Estrada, pronunciadas en 1959 e que coma un agoiro alertaban de que "a Arxentina terá que se afundir. Ten que afundir e desaparecer, non hai que facer nada para salvala, se o merece volverá a reaparecer e se non o merece é mellor que se perda". Profecía ou revelación, como estas outras de Andrés Rivera, que datan de 1928: "Demorei unha vida en recoñecer a máis simple e pura das verdades patrióticas: quen goberna poderá contar, sempre, coa covardía incondicional dos argentinos", que nos fan pensar na traxedia da última ditadura militar.

Porque como se pode deducir do anterior, "República de viento" reflexiona con sentido crítico sobre o ser da nación arxentina e as súas circunstancias, o seu devir, os materiais individuais e colectivos que conforman e conforman a súa identidade. O poeta analiza a construción da nación e as aportacións con que cada unha das comunidades de emigrantes —múltiples xeitos de entender o mundo— enriqueceron a realidade dun país que, en opinión dalgúns, chegou a ser unha das grandes desilusións do século XX pola súa incapacidade para acadar os niveis de liderado, riqueza e desenvolvemento que se lle supoñían en base ás súas condicións naturais.

Todo o libro é un tratado de lucidez.

"Todos habitamos repúblicas de vento; territorios, países, estados sometidos a todos os aires"



A lingua ou as linguas dese enorme territorio apenas habitado, as súas relacións, a riqueza que deberían supoñer para a comunidade, é outro dos temas sobre os que autor volve ao longo das páxinas. Quizais, para quen non o saiba, resulte sorprendente comprobar que Arxentina non é, como se pudiera pensar, un país monolingüe, xa que xunto co castelán ou español, que tamén no debate da denominación da lingua oficial entra Rodolfo, conviven linguas como o quechua, o guaraní ou o mapuche, conservadas polas comunidades indíxenas que xa habitaban estas xeografías antes da chegada das proas descubridoras ou conquistadoras das que escribiu Borges.

Pero hai máis, xa que hai comunidades emigrantes que aínda conservan a lingua de orixe, como acontece cos galegos, lingua que convive coas outras nun xogo de relacións non sempre ben entendido, non sempre ben valorado.

Estes das linguas e da emigración son aspectos importantes na reflexión que o libro nos propón. Lembra Rodolfo a súa orixe de fillo de emigrantes, e entra no debate sobre quen debe ser considerado arxentino por dereito, se quen é fillo de arxentinos ou se quen naceu no territorio; pero tamén aborda a cuestión de como se constrúe o ser arxentino actual, afirmando que "a sociedade arxentina é hoxe o resultado, para ben e para mal, da feliz mestizaxe producida polas ondas de emi-

grantes aos que, por outra parte, se lles incitou a vir". Propón, ademais, como exemplo de democracia as organizacións que estas comunidades artellaron cando chegaron ao novo país, con especial referencia ao Centro Galego, que por certo, cumpriu os cen anos o pasado día dous deste mes de maio.

Hai no libro referencias aos galegos que teñen escrito sobre Arxentina, salientando os nomes de Xavier Alcalá e de Víctor Freixanes, como exemplo das olladas exteriores que, actuando como espellos, permiten que un se descubra nos ollos dos outros, tal e como nos pode acontecer a nós con escritores arxentinos como Roberto Arlt, por certo, tamén fillo de emigrantes.

O libro, publicado pola editorial Leviatán, recolle tamén as reflexións do autor sobre a poesía, plantexando unha primeira pregunta inicial que será un dos fíos conductores da obra: a patria dun escritor é a lingua, como dicía Pessoa, ou a infancia, como afirmaba Rilke? En calquera caso, Rodolfo conclúe que é a linguaxe quen nos fai homes, concluíndo, como aportación final, cunha moi breve antoloxía de textos de literatura arxentina que axudan a ilustrar as teses defendidas no libro.

Finalmente, rematada a lectura, se cada un de nós pode afirmar que todos habitamos repúblicas de vento; territorios, países, estados, sometidos a todos os aires, que precisan da aportación de todos nós para ser cada día, xa que ao cabo, a historia é ese devir que muda e que nos lembra que todo, tamén ela, vai coma un río e agora que escribo isto, non sei porque sinto que a súa reflexión tamén olla de esquello para nós.

Na imaxe, o poeta Rodolfo Alonso